

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/1017

Feitos

Con data do 30 de xullo de 2025, o director do Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información e presidente da comisión de selección da praza 25/1017, de profesor/a substituto/a (convocada por Resolución reitoral do 4 de xullo de 2025), Santiago Rodríguez Yáñez, comunica que os seguintes membros da comisión incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, con algunha das persoas candidatas:

Cerdeira Pena, Ana Belén: secretaria
Saavedra Places, María de los Ángeles: vogal 1ª titular
Rodríguez Luaces, Miguel: vogal 1º suplente
Pedreira Fernández, Óscar: vogal 2º suplente
Ladra González, Susana: vogal 3ª suplente

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución dos mencionados membros da comisión de selección.

O apartado 6.6 da citada normativa, establece que no caso de non poderen actuar as persoas propostas para a secretaría ou para a vogalía serán substituídas polo/a primeiro/a vogal suplente e así sucesivamente, garantindo sempre o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

Neste caso o Consello de Departamento aprobou o 29 de xullo unha nova proposta de membros da comisión ao non poder actuar ningún dos vogais suplentes

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Secretaría: substitúese a Ana Belén Cerdeira Pena por Javier Parapar López
Vogal 1º titular: substitúese a María de los Ángeles Saavedra Places por María de las Nieves Pedreira Souto
Vogal 1º suplente: substitúese a Miguel Rodríguez Luaces por Mariano Cabrero Canosa
Vogal 2º suplente: substitúese a Óscar Pedreira Fernández por Beatriz Pérez Sánchez
Vogal 3º suplente: substitúese a Susana Ladra González por Marcos Ortega Hortas

A Coruña, na data da sinatura electrónica.
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández